

ORGANIZACIÓN DAS AULAS E RUTINAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE DURANTE O CURSO 2021-2022 NA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

- O acceso á Facultade farase pola planta 2ª do edificio.
- É obrigatorio o uso da máscara dentro do centro aínda que se respecte a distancia interpersonal de 1,5 metros.
- A limpeza de mans con xel hidroalcohólico é obrigatoria á entrada á Facultade.
- Deberanse seguir as direccións sinaladas no chan para acceder aos distintos servizos administrativos e as aulas.
- A puntualidade ás clases é indispensable.
- Deberase evitar pasear polos corredores de acceso ás aulas e polas zonas comúns do edificio.
- A limpeza de mans con xel hidroalcohólico é obrigatoria antes de entrar ás aulas.
- Soamente se poderán utilizar os pupitres habilitados cunha pegatina. Terán prioridade de selección de pupitre os/as alumnos/as con diversidade funcional en visión e/ou mobilidade.
- Deberase procurar, na medida do posible, utilizar sempre o mesmo pupitre en cada aula.
- As pertenzas persoais colocaranse debaixo do asento.
- Os/as docentes abrirán as xanelas ao finalizar as clases e pecharanas cando entren na aula.
- As clases finalizarán 15 minutos antes do horario programado para cumprir coas normas de hixiene.
- O persoal de limpeza desinfectará todas as aulas ás 15hs e as 20:30hs.
- Todas as aulas contarán con material hixiénico extra para proceder á desinfección individualizada antes de tomar asento.